

RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO

Ramón Díaz Raña
Xosé Manuel Carballo

ACTO PRIMEIRO

Tanto o primeiro como o segundo acto acontecen nunha taberna dun pobo calquera.

ESCENA PRIMEIRA

(Na taberna están por detrás do mostrador os donos: Rosa e Eleuterio. Ricardo está medio cheo arrimado ao mostrador. Elías fai solitarios nunha mesa).

RICARDO.- Este mundo é un noxo... Cada un vai ao seu... Xa pode morrer calquera nunha pichoca que ninguén lle bota a man.

ELÍAS.- Non é tanto. Hai de todo.

ELEUTERIO.- Ben burro é o que se preocupa de ninguén.

ROSA.- Todos precisamos uns dos outros.

ELEUTERIO.- Eu non necesito de ninguén. Vállome só.

RICARDO.- Pois eu necesito... Eu necesito do viño. Bota outro grolo.

ROSA.- Xa tes abondo.

RICARDO.- Pago co meu. Bota outro grolo.

(Bótalle Eleuterio)

ROSA.- Ti anegándote e outros morrendo de sede.

RICARDO.- Eu teño que afogar o noxo que me dá este mundo.

ELÍAS.- Bebendo non se amaña.

RICARDO.- Ti por non pagar un vaso botas sermóns.

ROSA.- *(Mirando cara á ventá)* Eses que veñen aí non son de aquí.

ESCENA SEGUNDA

(Entra Xosé con María embarazada).

XOSÉ.- Boa noite.

TODOS.- Boa noite.

RICARDO.- Así me gusta..., que veñan tamén as mulleres á taberna... Viva la igualdad de derechos!... As de aquí non beben, pero entretéñense igual... Emborráchanse murmurando. *(A Rosa)* Bótalles o que queiran beber. Invita o Ricardo.

XOSÉ.- Non, grazas. Non queremos tomar nada. Queriamos pasar a noite se teñen por aí ao xeito calquera recullo.

ELEUTERIO.- Pasar a noite? E logo de onde sodes?

XOSÉ.- Propiamente non somos de ningún sitio. Hai moito que andamos vagando polo mundo.

RICARDO.- Xa está! Son ambulantes!

MARÍA.- Si, somos de aquí e de acolá. Somos de todos os sitios e non somos de ningún.

ELÍAS.- En que traballades.

XOSÉ.- Non traballamos. Buscamos traballo.

RICARDO.- Non traballan... Son uns folgazáns.

ELEUTERIO.- Anda solto moito mangante.

ELÍAS.- Onde buscastes?

XOSÉ.- Na terra e no mar.

ELEUTERIO.- Ha máis traballo ca quen queira traballar.

XOSÉ.- Parécelle que andaría coa miña muller nestas condicións, se non me obrigase a necesidade? A min non me mete medo traballar. Méteme máis medo ter un fillo e non ter pan que levarlle á boca.

ROSA.- (*A Eleuterio*) Non teñen cara de mentireiros. Poderían pasar aquí a noite...

ELEUTERIO.- Ti métete na cociña! Estanche bos os tempos para abeirar a descoñecidos! Hai moito timador ceibe!

RICARDO.- (*Mirando moito a María*) Non..., Esta moza non é unha timadora.

ELEUTERIO.- Ti que sabes?

RICARDO.- Dámo a alma.

ELEUTERIO.- A túa alma está turbada polo viño...

RICARDO.- (*Ofrecéndolles do seu vaso*). Eu chámome Ricardo...

XOSÉ.- Non, agradecidos, pero non bebemos.

RICARDO.- Non sabedes o que é bo.

ELEUTERIO.- Queredes esmola, si ou non?

MARÍA.- A mellor esmola sería atopar onde pasar a noite. Valeríanos calquera pendello, pero non podemos meternos sen permiso.

ELÍAS.- Na miña casa hai sitio, e non hai que roubar.

ELEUTERIO.- Iso, iso. O Elías tamén está parado. Estás parado ou quedo, Elías? Podedes entendervos ben.

ELÍAS.- Se queres déixame a min a túa taberna e vai ti buscar traballo á empresa que me despediu a min cando deu en quebra.

ELEUTERIO.- A taberna suéina ben suada.

RICARDO.- Suóuna ben suada e foi dos pais da muller!... Cando Rosa era unha meniña xa eu me... ía dicir que me emborrachaba aquí pero non... eu non me emborracho nunca..., case nunca.

ROSA.- Só te emborrachaches unha vez. Pero daquela non te emborrachabas.

ELEUTERIO.- (*A Elías*) Os obreiros queredes facervos ricos en dous días e logo pasa o que pasa, que teñen que cerrar as empresas.

ELÍAS.- Eu levaba nela quince anos e aínda non me dei feito rico.

ROSA.- Vaia, deixádevos de lerias. Esta parella quere unha resposta. Hoxe quedades aquí.

ELEUTERIO.- Estás tola de remate! Onde os deitas?

XOSÉ.- Calquera sitio vale... Con tal de non durmir fóra.

ROSA.- Xa nos amañaremos.

ELEUTERIO.- Ti, que me coma o demo se non perdiches a cabeza!

ROSA.- E ti, o corazón. Hai vinte anos que o perdiches... Non che dá paixón esta muller? Habías estar ti así.

RICARDO.- Ai, meu Eleuteriño! Quen te vería a ti así?

MARÍA.- Estou moi cansada.

ROSA.- Séntate, filliña. Non. Mellor, vídevos para a cociña, comer algo quente. (*A Ricardo*). E ti vaite para a casa que xa levas o carro ben cargado.

RICARDO.- Si... si..., prefiro cargar ben unha vez que non ter que facer dúas viaxes.

(*Vanse Xosé, María e Rosa*).

ESCENA TERCEIRA

RICARDO.- (*a Eleuterio*) Estoute vendo durmir no cortello, que Rosa é capaz de metelos na vosa cama.

ELEUTERIO.- Non a tentará o demo.

ELÍAS.- Eleuterio esta noite non se deita. Vaina pasar en vela coa escopeta á man... Como é tan desconfiado e ten tanto que roubar.

RICARDO.- Veña, bótanos a arrincadeira e vaite... Vaite facer garda.

ELÍAS.- (*Érguese*) Eu non quero máis. (*A Eleuterio*) Xa che dixen, se desconfías ou tes moita congoxa, mándaos á miña casa. (*Vaise*).

ELEUTERIO.- Ti es moi arrogante.

RICARDO.- Non, que non ten que roubar, xa o dixo... Os pobres non teñen medo... Os pobres non teñen a que ter medo...

ELEUTERIO.- Larga ti tamén! Non sei como vos aturo.

RICARDO.- Pola túa comenencia..., porque deixamos cartiños pró caixón.

ESCENA CUARTA

ROSA.- Ti igual non o entendes; pero eu síntome moi leda con esa parelliña na casa. Son moi humildes.

ELEUTERIO.- Para pedir todos somos humildes.

ROSA.- Teñen cara de santos.

ELEUTERIO.- Para pedir todos temos cara de santos.

ROSA.- Pois eu véxolles algo especial.

ELEUTERIO.- Gustarache o rapaz.

ROSA.- Non sexas tolo. Dáme máis pena ela... Non sei se tardará moito en dar a luz.

ELEUTERIO.- Pois era o que faltaba! Nese caso é mellor que vaian para a casa do Elías.

ROSA.- Si, home! Caeríame a cara de vergoña.

ESCENA QUINTA

XOSÉ.- (*Entrando*) Á miña muller vaille mal. Teño medo a que lle veña o parto adiantado. Non lle tocaba aínda.

ELEUTERIO.- (*Botando as mans á cabeza*) Agora si que a foi.

ROSA.- Deixa de botar as mans á cabeza. Vai en busca do médico.

ELEUTERIO.- O médico. E quen lle paga?

ROSA.- Quen lle paga? Quen lle paga? Xa se lle pagará... Espabila! (*Sae Eleuterio*).

XOSÉ.- Eu non sei como agradecerlles...

ROSA.- Non tes nada que agradecer. Non sei por que me parece que todo o que está acontecendo é para abri-lle os ollos ao meu home e máis a algúns máis que falan moito de que o mundo está mal, pero eles non movern un dedo por melloralo.

XOSÉ.- Pero nós viñemos de intrusos.

ROSA.- Non existen os intrusos. Temos que andar todos uns polo medio dos outros. Hoxe por ti mañá por min.

XOSÉ.- Vostedes non tiñan ningunha obrigaón de facer todo isto por nós.

ROSA.- Quen sabe se tiñamos ou non obriga? Ai, se nos empeñamos en facer ben como nos empeñamos en facer mal! (*Vaise Rosa*).

XOSÉ.- Vou con vostede?

ROSA.- Non, agarda aquí, e bota un traguño do que queiras.

XOSÉ.- Hai de todo no mundo. Xente boa e non tan boa. Dentro de cada un está mesturado o mal e o ben. Se cadra nin Eleuterio é tan retorto como parece... Por que beberá Ricardo?... Elías fai solitarios... Será que non ten amigos?

FIN DO PRIMEIRO ACTO

ACTO SEGUNDO

ESCENA PRIMEIRA

Eleuterio está medio debruzado sobre do mostrador. Xa é de día.

ELEUTERIO.- Ese médico... xa amenceu e non se lle ocorre mandalos para a residencia ou para onde sexa... E tiña razón o Ricardo, a tola da miña muller meteuna na cama... E moi boa... Moito. E o pampo do home aí metido na cociña... O que non poida mantelos que non os teña.

MÉDICO.- (*Saíndo de dentro*) Vaia, é un pequeno precioso. Saniño e robusto.

ELEUTERIO.- Que é que?

MÉDICO.- Un pequeno.

ELEUTERIO.-Pero, naceu aquí?

MÉDICO.- E logo que pensas que estivemos facendo?... Ti non dicías que quen che dera un fillo? Pois aí o tes?

ELEUTERIO.-Pero este non é meu.

MÉDICO.- De todo non, pero pode selo en boa parte.

ELEUTERIO.-Déixese de lerías... Canto se lle debe?

MÉDICO.- Non se me debe nada. Ti non tes por que pagar e eles non teñen con que.

ELEUTERIO.- Eu fun que o foi chamar e vostede non ten por que traballar de balde.

MÉDICO.- Depende... Se hai algunha complicación non receedes en avisarme. (*Vaise*).

ELEUTERIO.- Este tío déixame dunha peza. Agarrado como é, e agora resulta que non cobra. A ver se tamén se volveu tolo coma a miña muller...

ESCENA SEGUNDA

(Entra Rosa)

ELEUTERIO.- Estarás contenta?

ROSA.- Pois claro que estou e máis ben.

ELEUTERIO.- E agora?

ROSA.- Agora temos un pequeno na casa.

ELEUTERIO.- Será por pouco tempo!

ROSA.- Será polo que faga falla. Hai que coller un bolo de pan máis ca onte.
(*Vaise*).

ESCENA TERCEIRA

(*Chega Xoana cunha botella de leite*)

XOANA.- Aí tes o leite. E díxome o Ricardo que quedara onte aquí un matrimonio que buscaba traballo, pero como el ía borracho...

ELEUTERIO.- Si, buscaban traballo e viñeron dalo.

XOANA.- E logo?

ELEUTERIO.- Tes que traer outros dous litros de leite. Deu a luz a muller.

XOANA.- Aquí?

ELEUTERIO.- Non! Había ser no monte!

XOANA.- E agora que ides facer?

ELEUTERIO.- Que imos facer? Que imos facer? Haberá que mantelos. Vai por máis leite!

XOANA.- Vou correndo a dicirlllo ao Ricardo.

ELEUTERIO.- Iso, iso, que non falte quen leve a noticia.

ESCENA CUARTA

(*Vén Xosé*)

XOSÉ.- Quero pedirlle desculpas...

ELEUTERIO.- Cala a boca...! Queres unha copa para empezar ben o día?

XOSÉ.- Non. Xa causamos abondos mareos.

(*Eleuterio bótalle a copa*).

ELEUTERIO.- Viven os vossos pais?

XOSÉ.- Non son deste mundo.

ELEUTERIO.- Xa! Logo morreron. Non vos deixaron unha casa?

XOSÉ.- Tamén eran pobres.

ELEUTERIO.- E ti andaches toda a vida pedindo traballo?

XOSÉ.- Non. Algunha vez traballei, pero agora escasea.

ELEUTERIO.- Será certo... Sabes traballar na terra? Atender unhas vacas?

XOSÉ.- Podo saber. Por que?

ELEUTERIO.- Hai aí uns que teñen unha granxa e de vez en cando meten xente. Se cadra podían darche traballo.

ESCENA QUINTA

(*Entra Elías*)

ELÍAS.- (*A Xosé*) Díxome Xoana que dera a luz a túa muller. Felicidades!

XOSÉ.- Grazas.

ELEUTERIO.- Danse os bos días, que non durmimos xuntos. Sabes se terán falta dun criado os das Chousas?

ELÍAS.- Tiñan falta dun criado, pero xa non o teñen; porque vou empezar eu o luns.

ELEUTERIO.- Logo nada. Estáballe falando diso a este.

ELÍAS.- Home... (pensativo), eu non teño fillos nin muller que manter... Podo ir amañándome con algún xornal... Ademais, para o ano prometéronme traballo na serra, cando se xubile o Ramón.

XOSÉ.- Iso é demasiado.

ELEUTERIO.- Chis! Ti a calar! Con que pensas sacar adiante o pequeno? Agora que me acordo aínda non o vin. (A Xosé) Podo ir?

XOSÉ.- Estás na túa casa.

(Vaise Eleuterio).

ELÍAS.- O malo é que na granxa non podeades vivir os tres. Pero ten unha casiña baleira o cheas do Ricardo.

ESCENA SEXTA

(Volve Xoana con dúas botellas de leite)

ELÍAS.- Home, precisamente! Esta é a muller do Ricardo.

XOANA.- (A Xosé) Es ti o pai da criatura, non?

XOSÉ.- Son.

XOANA.- Felicidades.

XOSÉ.- Grazas.

ELÍAS.- Quen che dixo que hai unha criatura?

XOANA.- Xa estiven aquí, que madrugo máis ca ti. Claro, boa présa tes ti!

ELÍAS.- Si, a min ninguén me apura... Por min ninguén espera... A min ninguén me bota de falta... Eu estou só. Só de todo.

XOANA.- (A Xosé) Morreulle unha moza que tiña cando ían casar. Ás veces está coma fóra de si

XOSÉ.- Ninguén está só de todo, se non quere estalo.

ELÍAS.- (Como volvendo en si) Mira, como tedes a casa pequena?

XOANA.- Huf! Moi mal. Chove nela coma fóra.

ELÍAS.- Pero poderánselle matar as goteiras.

XOANA.- E logo, para que che interesa?

ELÍAS.- Para este, que vai quedarse a traballar na granxa das Chousas.

XOANA.- Home, neses caso é cousa de falar co Ricardo. Viña agora tamén cara a aquí, cando lle dixen que nacera o pequeno pegou un brinco na cama. Por min, se hai quen a retelle poden quedarse un ano enteiro sen cobrarlles nada. Despois xa falaremos.

XOSÉ.- O que gaña é xusto que pague, non ten por que vivir da caridade.

XOANA.- A ver que di o Ricardo. Se el está de acordo, é o noso regalo para o pequeno.

ELÍAS.- Pois eu encárgome de convencer ao Farruco, ao Xaquín e ao Andrés para retellármola entre os catro.

ESCENA SÉTIMA

(Vén Ricardo)

RICARDO.- (A Xosé) Así que logo, pasou o que tiña que pasar? Eu onte se cadra faltei, como estaba medio alumado.

XOANA.- Alumado? Estabas borracho igual ca antonte, igual ca hoxe, igual ca mañá. Igual ca sempre.

RICARDO.- Igual ca sempre non. Ti sabes que non sempre foi así... Foi desde... Boh! Que máis ten!

ELÍAS.- *(A Xosé)* Empezou a beber cando se lle foi o fillo da casa. O fillo está na capital. El quere vir á casa, pero Ricardo non quere velo. *(Ricardo bota un vaso e trata de levalo á boca. Impídello Xosé).*

XOSÉ.- Os fillos hai que deixarles ser eles mesmos. Chegados a certa idade non temos dereito a retelos con nós.

XOANA.- Facía falla retellar a casa pequena, para que poidan quedar nela este matrimonio e o seu neninho.

RICARDO.- Non! A casa pequena non se toca. Era para o Luis... Agora que caia nunha pila... E a outra tamén. Que máis ten!

XOSÉ.- Non se pode deixar destruír o que hai feito.

RICARDO.- A min dáme todo igual. Xa non teño ilusión por nada. Traballei moito e, para quen?

XOSÉ.- Se xa non ten ilusión por nada, é como se estivese morto. Faille graza morrer antes de tempo e enterrarse en vivo?

XOANA.- *(A Ricardo)* Ten razón no que che di. Retellamos a casa pequena?

RICARDO.- *(Despois de pensar un cacho)* Como ti queiras, pero eu non lle toco.

ELÍAS.- Xa nos encargaremos os outros... ti podes caer do tellado, como ás veces te leva a cabeza...

RICARDO.- Oes ho? A ver se pensas que non son capaz de deixar a bebida.

XOANA.- Gustaríame velo.

RICARDO.- Pois xa o verás (baleira o viño no chan) Acabouse! Ou pensades que son un bardallas que non vale para nada?

ESCENA OITAVA

(Vén Rosa)

ROSA.- Hai ben tempo que non vexo sorrir ao Eleuterio; pero agora queda facéndolle gatuxadas ao neno.

ELÍAS.- Díxoches que xa hai traballo para o pai?

ROSA.- Si, algo diso falou.

XOANA.- Pois casa tamén teñen.

ROSA.- Non me digas!

XOANA.- Si a nosa casa pequena.

ROSA.- Iso será des que María estea en condicións de valerse por si. Mentres tanto, non se move de aquí. Nin ela nin o pequeno. *(A Xosé)* Como pensades poñerlle de nome?

XOSÉ.- Aínda non o pensamos. Todo os nomes son bos se é bo que os leva.

ESCENA NOVENA

(Vén Eleuterio)

ELEUTERIO.- E logo... non podería valer Eugenio?

ROSA.- Eugenio? Por que?

ELEUTERIO.- Como a neniña que nos morreu a nos chamábase Eugenia...

ROSA.- E iso que ten que ver?

ELEUTERIO.- ...O médico dixo que este pequeno non era meu de todo, pero podía selo en boa parte... Claro que ser é de seu pai e de súa nai.

ROSA.- Non estarás pensando o que eu estou pensando?

ELEUTERIO.- E que centellas sei eu o que pensas ti! Sería un milagre que coincidisemos.

ROSA.- Pois esta vez creo que pensamos o mesmo. Se cadra produciuse o milagre... *(A Xosé)* Tedes padriños buscados?

XOSÉ.- Non. Non temos.

ROSA.- Eleuterio?

ELEUTERIO.- Si.

ELÍAS.- Xa me parecía a min que non tiñas ti tan mal sangue como aparentabas.

ROSA.- Antes de quedarmos sen a nena era o home máis ledo do mundo. A súa morte cambioulle o carácter.

ELEUTERIO.- *(A Xosé)* Toma outra copa, compadre. Tomade todos. Que veña toda a parroquia! Invita a casa!

ROSA.- Invita o padriño.
(Vaise Xosé amodiño).

RICARDO.- Para min unha auga mineral.

ELEUTEIRO.- Estas mal?

RICARDO.- Nunca tan ben estiven.

XOANA.- Deixou o viño.

ELEUTERIO.- O viño deixarao cando morra.

RICARDO.- Morto xa estaba. Agora é cando revivo.

ELEUTERIO.- Pois logo, Rosa, vai por auga da fonte para rebautizalo.
(Vaise Rosa e volve de inmediato).

ESCENA DÉCIMA

ROSA.- Fóronse.

ELEUTERIO.- Como que se foron? Por onde saíron?

ROSA.- A min xa me parecía que non era de aquí. Deixaron unha carta.

ELÍAS.- Que di?

ROSA.- Di *(Le dun papel)*: “Xa vos dixemos que non somos de ningún sitio e somos de todos. Fixo falla que nacera aquí un neno para que descubrisedes vós mesmos que sodes hospitalarios, xenerosos, solidarios, para que recuperasedes a ilusión por vivir nun mundo máis fermoso feito desde baixo por vós mesmos... Xa hai anos que naceu o neno que vos facía falla. Era fillo doutro Xosé e doutra María. A el sempre o tedes con vós. Nós temos que seguir. Agárdanmos noutro sitio. Graciñas e perdoade por todo”.

RICARDO.- Parece un soño.

XOANA.- É mellor seguir durmindo, e soñando.

ELÍAS.- Non. É mellor espertar e facelo realidade.

FIN